



CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO

CGT

[www.cgtgalicia.org](http://www.cgtgalicia.org)

[www.rojoynegro.info](http://www.rojoynegro.info)

# **MANIFESTO DA CGT A FAVOR DO ABORTO.**

## **POR UN ABORTO LIBRE, PÚBLICO E GRATUÍTO. FÓRA O ABORTO DO CÓDIGO PENAL**

Neste contexto de crise do sistema, cada vez máis retrógrado no plano económico, laboral, social, político e xurídico, ante a estafa que vivimos, **as mulleres sufrimos día a día as consecuencias do ataque brutal por parte do capitalismo financeiro e patriarcal:** brecha salarial, baixos salarios, contratos a tempo parcial e precarios, recortes en dependencia e servizos sociais, maior porcentaxe de exclusión social e pobreza, economía mergullada, dobre xornada laboral, violencia machista, redución de servizos na saúde reprodutiva, abortos involuntarios como consecuencia da falta de saúde laboral. Ao sistema danlle igual as persoas enfermas xa que se encarga de non as cuidar, **mostrando o seu verdadeiro rostro de desprezo pola vida,** esencialmente das persoas e colectivos máis desfavorecidos.

Esta perda e retroceso nas conquistas laborais e sociais dá pé a que tanto o goberno coma a Igrexa Católica intenten impoñer con máis forza o **SEU modelo de muller perfecta no SEU modelo de familia perfecta:** unha muller meramente reprodutora, casada, heterosexual, submisa e obediente ao seu marido e que non ten capacidade para pensar por si mesma. Polo tanto, unha volta atrás en todas as conquistas polas que tanto loitamos. Este modelo materialízase, hoxe en día, co anteproxecto de reforma da Lei do aborto que o goberno quere impoñer ás mulleres con ameazas, meténdonos o medo, e criminalizar a nosa loita pola emancipación, exercitando **o abuso de poder, o autoritarismo e a violencia de estado.**

Dende a CGT loitamos pola despenalización do aborto e defendemos o **dereito das persoas a decidir libremente** sobre a súa sexualidade, sobre o seu modelo de familia e en xeral, sobre a súa vida. O derecho das mulleres a decidir sobre o seu corpo e sobre a súa maternidade non debe recaer en ninguén máis que nelas mesmas.

**PORQUE O MEU CORPO É MEU E EU DECIDO. NON NOS CANSAREMOS DE REPETIR:**

- Despenalización total do aborto en todo o Estado: sen prazos nin supostos; para todas, menores, emigrantes...
- Libre capacidade de decisión das mulleres na xestión do seu corpo: nin gabinetes psicolóxicos nin sobres informativos nin días de reflexión.
- Impulsar os recursos públicos e de calidade, en igualdade de condicións en todas as Comunidades Autónomas.
- Creación de centros públicos de planificación familiar, con formación para mozos e mozas e anticoncepción gratuíta.
- Inclusión nos currículos escolares de materias que traten da raíz da violencia machista, da igualdade e das relacións afectivas e sexuais.

**ABONDA XA DE CRIMINALIZAR AS NOSAS PROTESTAS**

**PROTESTAMOS PORQUE TEMOS DEREITO. NON SOMOS CRIMINAIS**

**BASTA DE UTILIZAR A MORAL E A RELIXIÓN PARA XUSTIFICAR O DOMINIO PATRIARCAL**

**SI AO DEREITO AO ABORTO.  
NON AOS ABORTOS INVOLUNTARIOS  
POR CONDICIÓNES LABORAIS PENOSAS E  
TÓXICAS**

**REXEITAMOS UNHA DIVISIÓN SEXUAL DO TRABALLO**

**DENUNCIAMOS A HIPOCRISÍA DOS  
QUE DEFENDEN O DEREITO Á VIDA DO  
"NON NACIDO" E MIRAN PARA OUTRO  
LADO PARA NON COIDAR DA VIDA DAS  
PERSOAS XA NACIDAS**



**NON TEMOS MEDO.  
SEGUIREMOS NA LOITA**

